



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0737	Prótese e ortodoncia	2024/2025	0	157	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DEL CARMEN PORTO RODRÍGUEZ,PAULA ESTÉVEZ COSTA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Cobre a ficha clínica identificando os rexistros diagnósticos en prótese e ortodoncia
RA2 - Prepara equipamentos e materiais para tomas de impresión e comproba os resultados obtidos, tendo en conta a relación entre a técnica e o tipo de prótese
RA3 - Planifica a elaboración do modelo e os rexistros de oclusión, tendo en conta a relación das técnicas de traballo co tipo de modelo e co rexistro demandado
RA4 - Comproba a adaptación e determina a conservación da prótese, tendo en conta a relación entre o resultado final e as necesidades da persoa usuaria
RA5 - Define o procedemento de axuda ao tratamento, tendo en conta a relación entre as características fisiopatolóxicas da persoa usuaria e as características do aparello de ortodoncia que se vaia implantar
RA6 - Adapta o aparello de ortodoncia e define o seu protocolo de conservación, interpretando técnicas de axuste e mantemento

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbóronse os tipos de próteses removibles completas, parciais e fixas
CA1.2 Clasificouse a documentación relativa ao/á paciente do tratamento en curso
CA1.4 Descríbóronse as características anatómicas, funcionais e sociais do/da paciente edéntulo/a ou parcialmente edéntulo/a
CA1.5 Relacionáronse as alteracións do/da paciente con patoloxía esquelética e dentaria
CA1.6 Definíronse as funcións e as características dos medios diagnósticos fotográficos, radiográficos e informáticos
CA2.1 Descríbóronse as características dos materiais e do instrumental para a toma de impresións



Criterios de avaliación do currículo
CA2.2 Relacionáronse os tipos de materiais e o instrumental coas características da toma de impresión
CA2.5 Identificáronse os erros máis frecuentes na toma de impresións
CA3.1 Enumeráronse as características dos materiais e do instrumental empregados para a confección e o estudo do molde
CA3.2 Enumeráronse as características dos materiais empregados para a obtención de rexistros de oclusión
CA4.1 Describíronse as características técnicas das próteses removibles completas, parciais e fixas
CA4.2 Determináronse as características da adaptación protésica
CA4.6 Identificouse a información necesaria para o bo uso e a hixiene correcta da prótese
CA4.7 Elaborouse un plan de acomodación á prótese dental
CA4.8 Estableceuse un protocolo na atención de urxencias protésicas
CA5.1 Definíronse as características técnicas dos distintos dispositivos ortodónticos ou ortopédicos
CA5.2 Enumeráronse as características anatómicas, fisiopatolóxicas oclusais e sociais que cumpra valorar nun/nunha paciente ou persoa usuaria
CA5.3 Interpretáronse odontogramas e outros rexistros de cara a realizar o tratamento ortodóntico ou ortopédico indicado
CA5.4 Rexistrouse a información obtida do estado de saúde do/da paciente ou da persoa usuaria no soporte correspondente
CA5.5 Relacionáronse coa exploración clínica a documentación fotográfica, as radiografías, as cefalometrías e os modelos
CA5.6 Relacionouse o estado de saúde do/da paciente coas características do aparello que se vaia implantar
CA6.1 Seleccioneuse o instrumental, o equipamento e os materiais para a colocación e a retirada dos dispositivos ortodónticos
CA6.3 Definíronse os métodos complementarios de rehabilitación oclusal
CA6.5 Determinouse o protocolo de hixiene bucodental domiciliaria en dispositivos fixos e/ou removibles



Criterios de avaliación do currículo
CA6.6 Definíronse as accións que cumpra realizar no proceso de adaptación segundo a idade e a capacidade dos/das pacientes ou as persoas usuarias
CA6.7 Describíronse estratexias para a realización autónoma da súa actividade
CA6.8 Estableceuse un protocolo na atención de urxencias ortodónticas

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Cobre a ficha clínica identificando os rexistros diagnósticos en prótese e ortodoncia
RA2 - Prepara equipamentos e materiais para tomas de impresión e comproba os resultados obtidos, tendo en conta a relación entre a técnica e o tipo de prótese
RA3 - Planifica a elaboración do modelo e os rexistros de oclusión, tendo en conta a relación das técnicas de traballo co tipo de modelo e co rexistro demandado
RA4 - Comproba a adaptación e determina a conservación da prótese, tendo en conta a relación entre o resultado final e as necesidades da persoa usuaria
RA5 - Define o procedemento de axuda ao tratamento, tendo en conta a relación entre as características fisiopatolóxicas da persoa usuaria e as características do aparello de ortodoncia que se vaia implantar
RA6 - Adapta o aparello de ortodoncia e define o seu protocolo de conservación, interpretando técnicas de axuste e mantemento

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Interpretáronse documentos de rexistro da patoloxía oral de cara a realizar o diagnóstico e restauración indicados
CA1.7 Asociouse o protocolo de actuación a cada técnica
CA1.8 Rexistráronse os datos máis significativos da ficha clínica protésica



Criterios de avaliación do currículo
CA1.9 Rexistrouse o seguimento do tratamento finalizado
CA2.3 Establecéronse os protocolos para a toma de impresión
CA2.4 Aplicáronse as normas de seguridade e hixiene dirixidas ao/á paciente e ao/á profesional
CA2.6 Comprobase que a impresión obtida satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade
CA2.7 Aplicáronse os protocolos de desinfección, envasamento e etiquetaxe do produto para proceder á súa embalaxe e á súa entrega
CA2.8 Elaborouse un informe do proceso que permita comprobar a rastrexabilidade dos materiais utilizados
CA3.3 Seleccionáronse os tipos de materiais e de instrumental para a elaboración do molde e o rexistro de mordida
CA3.4 Establecéronse os protocolos de actuación en cada técnica
CA3.5 Comprobase que as reproducións obtidas satisfagan os criterios de calidade
CA3.6 Tipificáronse as condicións de envío ao laboratorio dos rexistros obtidos, para a súa finalización protésica segundo prescricións do facultativo
CA3.7 Elaborouse un informe do proceso que permita comprobar a rastrexabilidade dos materiais utilizados
CA3.8 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva
CA3.9 Cumpríuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas
CA4.3 Utilizáronse equipamentos e aplicacións informáticas para o deseño de próteses dentais
CA4.4 Seleccionáronse as probas de verificación en función do tipo de próteses
CA4.5 Comprobase a retención e estabilidade da prótese
CA5.7 Determináronse as actuacións de axuda para o tratamento, a partir de rexistros diagnósticos específicos
CA5.8 Relacionáronse as repercusións do tratamento ortodóntico na vida cotiá



Criterios de avaliación do currículo

CA6.2 Utilizáronse aplicacións informáticas para o axuste dos dispositivos terapéuticos

CA6.4 Realizáronse operacións de mantemento dos aparellos ortodónticos

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1.- Consideraránse mínimos exixibles:

BC1. Formalización da ficha clínica.

- Tipos de restauracións protésicas: removibles e fixas.
- Paciente edéntulo/a e parcialmente edéntulo/a: características anatomofisiolóxicas.
- Odontogramas.
- Probas complementarias para o diagnóstico. Radiografías.
- Obtención e manexo de fotografías de distintos tipos.

BC2. Preparación do material e dos equipamentos para a toma de impresión.

- Impresións preliminares e definitivas.
- Preparación de equipamentos e instrumental segundo o tipo de prótese e de ortodoncia.
- Erros máis frecuentes.
- Desinfección, envasamento e etiquetaxe do produto para embalalo e entregalo.
- Tratamento de residuos.

BC3. Planificación da elaboración de modelos e rexistros de oclusión.

- Materiais e instrumental de confección de modelos.



- Tipos de materiais en rexistros de oclusión.
- Instrumental para rexistro de mordida.
- Tratamento de residuos.

BC4. Adaptación e conservación da prótese.

- Adaptación e conservación de próteses PR completas, PPR, mixtas e fixas.
- Aplicacións informáticas para o deseño de próteses.
- Mantemento e hixiene dos aparellos protéticos.

BC5. Procedemento de axuda ao tratamento.

- Indicacións para tratamento ortodóntico.
- Diagnóstico. Odontogramas. Probas complementarias.
- Dispositivos ortodónticos: tipos e indicacións.

BC6. Adaptación e conservación do aparello de ortodoncia.

- Material, instrumental e equipamentos para colocación e retirada de dispositivos ortodónticos.
- Aplicacións informáticas para o axuste de dispositivos.
- Complicacións derivadas do tratamento ortodóntico.
- Mantemento dos aparellos ortodónticos.
- Adestramento da persoa usuaria na hixiene bucodental domiciliaria dos dispositivos ortodónticos.
- Dispositivos auxiliares nas técnicas de hixiene oral en pacientes que porten ortodoncia.

2.- Tendo en conta o artigo 14, sobre avaliación e calificación final das probas libres, da Orde do 5 de abril de 2013, os criterios de cualificación serán os seguintes:

***2.1.- Proba teórica:

A proba teórica versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación. Para a superación da proba escrita será necesario obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

***2.2.- Proba práctica:

A proba práctica consistirá en supostos/tarefas prácticas de Prótese e ortodoncia, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta



parte. Será necesario sacar un mínimo de 5 para superar esta proba.

***Finalizada cada proba, a comisión de avaliación exporá as puntuacións obtidas na Aula Virtual do CIFP Manuel Antonio.

***As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte.

***A cualificación final do módulo obterase da media aritmética da cualificación acadada nas dúas probas (teórica e práctica).

***Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas.

En calquera destes casos a comisión avaliadora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

***Características da proba: Consistirá nunha proba escrita de preguntas tipo test (con 4 posibles respostas das cales so unha é a correcta), verdadeiro ou falso, resposta curta, ou de completar e relacionar. Cada resposta test incorrecta descontará un terzo das respostas correctas,. As preguntas non respostadas non restarán. Nas preguntas de verdadeiro ou falso, se penalizará o erro anulando unha resposta ben contestada).

Nas preguntas test/ verdadeiro ou falso deberase marcar na plantilla a resposta correcta, no caso de erro o marcar unha opción poñerase unha cruz e marcarase a correcta. Só serán tidas en conta as respostas marcadas na plantilla.

***Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo azul ou negro
- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo

***Duración da proba: A duración da proba teórica será máximo de 120 minutos.

***Normas:

- Non se permitirá o acceso á aula co teléfono móbil encendido nin smartwatch.
- As preguntas catalogadas como reserva serán contestadas na mesma forma que o resto de preguntas, en previsión de posibles anulacións.



- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comenzada a proba.
- Queda prohibido sacar o exame da aula.

4.b) Segunda parte da proba

***Características da proba: Consistirá en supostos e/ou tarefas prácticas que integrarán varios criterios de avaliación de "PRÓTESE E ORTODONCIA".

Se facilitará ao estudante a proba cos supostos e/ou tarefas prácticas que deberá realizar. De ser preciso, o equipo docente poderá ir revisando "in situ" o desenvolvemento das tarefas prácticas rexistrando nunha táboa de observación o nivel de consecución de cada unha delas.

A valoración de cada suposto e/ou tarefa práctica indicárase na folla da proba, e será necesario desenvolver axeitadamente cada unha delas para superar esta proba (acadar como mínimo a metade da puntuación sinalada). Nese caso a nota final da proba práctica será a suma dos valores sinalados para cada un dos apartados que integran a proba.

***Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo ou cores azul, negro, verde e vermello.
- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo.
- Calculadora científica non programable.
- Camisa ou bata de traballo.
- Calquera material adicional que sexa preciso para o desenvolvemento da proba será aportado polo centro educativo.

***Duración máxima da proba: 3 sesións (180 minutos)

***Normas: non se permitirá o acceso á aula co teléfono móbil encendido nin smartwatch.